



Concello de Portomarín

BANDO

Don JUAN CARLOS SERRANO LÓPEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO).

FAI SABER:

En vista o Real Decreto-lei 10/2020 do 29 de marzo, publicado no BOE o domingo 29 de marzo; tendo como obxecto reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o virus COVID-19 e declarando que tan só poderán ser exercidas as actividades consideradas como esenciais, tanto públicas como privadas o Concello de Portomarín, debe adecuar as súas actividades e servizos ao novo marco lexislativo.

DECLARO:

Primeiro.- Que a partir do luns 30 de marzo de 2020 as actividades e servizos declarados como esenciais no ámbito desta institución serán os seguintes:

- **Servizos Sociais:** Servizo de Axuda no Fogar e os diferentes Servizos de Emerxencia Social postos en marcha tras a declaración do COVID-19. Atención telefónica de Luns a Venres de 09:00-14:00/ 16:00-19:00 no tlfno contacto 982545070-638256517 e no email: serviciosociais@concellodeportomarin.es
- **Medio Ambiente:** Servizo de recollida de lixo e de limpeza viaria.
- **Alumeado Público e Abastecemento de Augas:** Servizo de averías
- **Administración:** Trámites urxentes e inaprazábles. Atención telefónica de Luns a Venres de 09:00-14:00, no email obras@concellodeportomarin.es ou a través da sede electrónica municipal <https://portomarin.sedelectronica.gal>
- **Servizo de Protección Civil:** Emerxencias

Asinado electronicamente á marxe da páxina

O ALCALDE

